

Como parte das actividades organizadas polo Instituto Español de Oceanografía, as campañas de barco na NAFO a bordo do B/O Vizconde de Eza e tendo en conta que a participación do alumnado nos traballos e nas mostraxes a bordo pode completar a súa formación,

ESTE DECANATO RESOLVE:

Convocar 2 prazas en colaboración co Instituto Español de Oceanografía, para participar en ditas campañas a bordo do B/O Vizconde de Eza nos prazos establecidos nas bases da convocatoria.

A presente convocatoria xunto coas súas bases, serán expostas no taboleiro da Facultade de Ciencias do Mar e na páxina web da mesma.

A presente convocatoria permanecerá aberta ata as 14:00 h do día 4 de maio de 2018.

Vigo, 27 de abril de 2018

A Decana,

Belén Rubio Armesto

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NAS CAMPAÑAS DE BARCO A BORDO DO B/O VIZCONDE DE EZA PARA OS ALUMNOS DE CIENCIAS DO MAR DO CAMPUS DE VIGO

1.- REQUISITOS DOS/AS SOLICITANTES

Poderán participar na presente convocatoria os estudantes do máster en Oceanografía preferentemente, e os estudantes de 4º curso de grao en Ciencias do Mar.

2.- CALENDARIO E CONDICIÓNS DA PARTICIPACIÓN NA CAMPAÑA.

PLATUXA: Saída de Vigo o 25 de maio, saída de St John's (Terranova), regreso e chegada a Vigo en avión 24/25 de xuño. Nesta campaña participará un alumno/a.

FLETAN NEGRO 3L 2018: Saída desde Vigo en avión o 27/28 de xullo, regreso e chegada a Vigo como máximo o 27 de agosto de 2018. Nesta campaña participará un alumno/a.

O traballo do alumno/a a bordo realizarase nas mesmas condicións e horarios que os do resto do persoal científico, sempre baixo a dirección do xefe de campaña ou persoa delegada.

Os datos obtidos durante a campaña pertencen ao Instituto Español de Oceanografía.

3.- PRAZO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O impreso de solicitude figura como anexo I. O prazo de presentación de solicitudes remata ás 14:00 h do día 4 de maio de 2018. O impreso debidamente cuberto, e acompañado do expediente académico e fotocopia do DNI, deberá ser entregado no Decanato.

4.- SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A selección dos/as beneficiarios/as, realizarase pola media do expediente académico e será efectuada por una Comisión formada por:

- A Decana da Facultade de Ciencias do Mar
- Unha vicedecana da Facultade
- A Secretaria da Facultade.



ANEXO I

**CONVOCATORIA PARA A PARTICIPACIÓN NAS CAMPAÑAS DE BARCO A BORDO DO
B/O VIZCONDE DE EZA PARA OS ALUMNOS DA FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR**

Convocadas o 27 de abril de 2018, 2 prazas para participar nas campañas oceanográficas de pesca a bordo do Vizconde de Eza para os estudantes da Facultade de Ciencias do Mar, solicito ser admitido/a como aspirante para a súa concesión.

APELIDOS _____ NOME _____

DNI* _____ ENDEREZO _____

LUGAR _____ PROVINCIA _____

TEL. MÓBIL: _____ E-MAIL _____

ALUMNO/A DA TITULACIÓN DE _____

CURSO MÁIS ALTO NO QUE ESTÁ MATRICULADO/a _____

En Vigo, a _____ de _____ de _____

Sinatura

Achégase expediente

* Adxuntar copia do DNI

Sra. Decana da Facultade de Ciencias do Mar